

Tema 5. A poesía entre 1936 e 1975: a

Xeración do 36, a Promoción de

Enlace, a Xeración das Festas

Minerwais.



Proceso de restauración da literatura galega



- Colección de
poesía Benito Soto
(1949)



- Suplemento
sabatino no xornal
La Noche (1949)

Proceso de restauración da literatura galega


- EDITORIAL GALAXIA 25 de xullo de 1950



- EDITORIAL MONTERREY (1949)

Primeira obra literaria de calidade en galego

AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO



(1947)



A poesía galega durante o franquismo

```
graph TD; A["A poesía galega durante o franquismo"] --> B["A Xeración de 1936"]; A --> C["A Promoción de Enlace"]; A --> D["A Xeración das Festas Minervais"];
```

A Xeración
de 1936

A Promoción de
Enlace

A Xeración
das Festas
Minervais

A xeración de 1936

- Nados entre 1910 e 1920
- Fórmanse baixo a influencia da xeración Nós
- Algúns publican xa antes da Guerra Civil

A xeración de 1936

Paisaxística e intimista

Neotrobadorismo

Existencialista

Poesía social

Poesía clasicista



ÁLVARO CUNQUEIRO

Escrebe en 1950 **Dona
do corpo delgado,**
(neotrobadorismo)



XOSÉ M^a DÍAZ CASTRO

É autor dunha única
obra, **Nimbos** (1961),
onde destaca a
relixiosidade.

“Penélope”

Un paso adiante i outro atrás, Galiza,
i a tea dos teus sonos non se move.
A espranza nos teus ollos se esperguiza.
Aran os bois e chove.

Un bruar de navíos moi lonxanos
che estrolla o sono mol como unha uva.
Pro ti envólveste en sabas de mil anos,
i en sonos volves a escoitar a chuva.

Traguerán os camiños algún día
a xente que levaron. Deus é o mesmo.
Suco vai, suco vén, Xesús María!,
e toda a cousa ha de pagar seu desmo.

Desorballando os prados coma sono,
o Tempo vai de Parga a Pastoriza.
Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.
Un paso adiante i outro atrás, Galiza!

Xosé María Díaz Castro, *Nimbos*

PENÉLOPE

UN PASO adiante i outro atrás, Galiza,
i a tea dos teus sonos non se move.
A espranza nos teus ollos se esperguiza.
Aran os bois e chove.

Un bruar de navíos moi lonxanos
che estrolla o sono mol como unha uva.
Pro ti envólveste en sabas de mil anos,
i en sonos volves a escoitar a chuva.

Traguerán os camiños algún día
a xente que levaron. Deus é o mesmo.
Suco vai, suco vén, Xesús María!,
e toda a cousa ha de pagar seu desmo.

Desorballando os prados coma sono,
o Tempo vai de Parga a Pastoriza.
Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.
Un paso adiante i outro atrás, Galiza!

Nimbos, Xosé María Díaz Castro, 1961

ULISES (homenaxe a Díaz Castro)

Un paso adiante e outro máis, Galicia,
e a tea dos teus sonos xa se move.
A esperanza nos teus ollos faise circia.
Aran os tractor e chove.

Un bruar de navíos moi lonxanos
estrolla o despertar como unha uva.
Xa non te envolves en sabas de mil anos,
nin en sonos escoitas nunca a chuva.

Trouxeron os camiños cada día
a xente que levaron. Somos os mesmos.
Suco vai, suco vén, do río á ría
non volveremos xa a pagar máis desmo.

Desorballando os prados coma sono,
cruzaremos o espello con Alicia.
Enterraremos suco a suco o Outono.
Un paso adiante i outro máis, Galicia!

Claudio Rodríguez Fer, 2004



AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO

Señardá (1930) e *Corazón ao vento* (1933) poesía paisaxística. E *Cómaros verdes* (1947) de tendencia hilozoísta e neotrobadoresca



MARÍA MARIÑO.

Palabra no temo (1963) e *Verba que comenza* (1966), son intimistas: relación do eu coa natureza, o paso do tempo, a premonición da morte...

SINESTESIA

Esta é a mar dos solpores recendentes a mazás coloradas
debaixo, asolagados, fondos vales
e alboradas con páxaros de rabos longos de silencio.

Esta é a mar, triste sombra desgazada
de altísimos montes cheos de neve,
que pelengrinaron soles inmensos e senlleiros.

Xa nin montes de neve nin soles recién nados.
Mais a súa sombra, sí, mar sin consolo,
a súa sombra de auga, amargues bágoas.
A súa sombra leal, triste lamento e longa noite.

Onde aqueles montes altísimos
que aconchegaban contra o teu seo
o rebrilo das súas craras cabeleiras?

adxectivo

1 Sen compañía.

Camiñaba senlleiro por lugares apartados.

➤ SINÓNIMOS só, solitario

2 Sen igual, que non ten comparación.

Este edificio é unha obra senlleira da nosa arquitectura popular.

➤ SINÓNIMOS singular, sobranceiro, único

Fragmento de “Esta é a mar dos solpores”, *Cómaros verdes*, Aquilino Iglesia Alvariño

TÓPICOS LITERARIOS

AMOR POST MORTEM (amor eterno)

AMOR BONUS (positivo)

BEATUS ILLE (ditoso aquel) – eloxio á vda do rural fronte ao urbano

CARPE DIEM (gozo do día) – desfrutar a xuventude e aproveitalo momento

FUROR AMORIS (amor apaixonado) – amor como enfermidade da razón

LOCUS AMOENUS (lugar agradable) – carácter mítico da paisaxe– bucólico (amoroso)

MEMENTO MORI (recorda que vas morrer) – carácter certo da morte

OMNIA MORS AEQUAT (a morte como elemento igualador da sociedade).

UBI SUNT (onde estás?)– FUGACIDADE DO TEMPO. Existencialismo. Interrogacións sobre o destino do ser humano.

"Ubi sunt qui ante nos in hoc mundo fuere?" ("Que foi dos que viviron antes ca nós?")

Esta é a mar dos solpores recendentes a mazás coloradas
debaixo, asolagados, fondos vales
e alboradas con páxaros de rabos longos de silencio.

Esta é a mar, triste sombra desgazada
de altísimos montes cheos de neve,
que pelengrinaron soles inmensos e senlleiros.

Xa nin montes de neve nin soles recén nados.
Mais a súa sombra, sí, mar sin consolo,
a súa sombra de auga, amargues bágoas.
A súa sombra leal, triste lamento e longa noite.

Onde aqueles montes altísimos
que aconchegaban contra o teu seo
o rebrilo das súas craras cabeleiras?

Destaca a magnitude da natureza nun panteísmo (*altísimos montes, soles inmensos e senlleiros*) que case fere a sentimentalidade do poeta ao recordala e ao decatarse de que xa non queda nada máis que a lembranza (*onde aqueles montes..?*). A través do tópico do *ubi sunt* o poeta fai unha sentida elexía ao que se perdeu no tempo. Repárese na sinestesia do primeiro verso “solpores recendentes a mazás coloradas”.

Fragmento de “Esta é a mar dos solpores”, *Cómaros verdes*, Aquilino Iglesia Alvariño

Inda vou na mesma meniña
aquela que fogueaba sin
leito!

¡Son aquela!
¡Son aquela que no bosco
escuitaba o himno dela!

Son aquela mañanciña,
entre orballo das rosas,
entre area de sendeiros,
onde atopaba a campana.

Caladiña eu chamaba
en berros que hoxe esquezo,
cando o navío de lonxe
o meu mar cheo atracaba.

¡Son aquela!
Son aquela tarde queda
que no serán se chamaba
miña aurora sin coores
chea dun farto rebusco
que en un xordo a min
chegaba.

¡Son aquela!
Son aquela pena nubra
que de mofo entrenzaba
a lonxe voz do poeta,
cando aínda non sabía
que era pra ela
o que aquela voz narraba.

¡Son aquela!
Son aquela sempre soia
que paseaba a ribeira
a ver si nela atopaba,
a ver si nela afogaba.

Eu non sei,
eu non sei son sinceira.
Eu sentía un lonxe triste,
eu sentía nel ledicia,
eu quería quedar soia,
eu quería compañía,
¡aquela que eu non sabía!

Hoxe o sol enxuga a néboa.
Os dous tecen amores.
¡Han de saber algo dela!

María Mariño,
Palabra no tempo

Inda vou na mesma meniña
aquela que fogueaba sin
leito!

¡Son aquela!
¡Son aquela que no bosco
escuitaba o himno dela!

Son aquela mañanciña,
entre orballo das rosas,
entre area de sendeiros,
onde atopaba a campana.

Caladiña eu chamaba
en berros que hoxe esquezo,
cando o navío de lonxe
o meu mar cheo atracaba.

¡Son aquela!
Son aquela tarde queda
que no serán se chamaba
miña aurora sin coores
chea dun farto rebusco
que en un xordo a min
chegaba.

¡Son aquela!
Son aquela pena nubra
que de mofo entrenzaba
a lonxe voz do poeta,
cando aínda non sabía
que era pra ela
o que aquela voz narraba.

¡Son aquela!
Son aquela sempre soia
que paseaba a ribeira
a ver si nela atopaba,
a ver si nela afogaba.

Eu non sei,
eu non sei son sinceira.
Eu sentía un lonxe triste,
eu sentía nel ledicia,
eu quería quedar soia,
eu quería compañía,
¡aquela que eu non sabía!

Hoxe o sol enxuga a néboa.
Os dous tecen amores.
¡Han de saber algo dela!

María Mariño,
Palabra no tempo

En María Mariño aparece como un dos temas centrais da súa obra o **motivo clásico da nostalxia da plenitude da nenez**, e moi especialmente o motivo do **regreso á infancia** ou mellor o da fixación nesa etapa vital ou o da **identificación coa nena** que foi.



RICARDO CARBALLO CALERO



Poemas pendurados de un cabelo (1952)

Salteiro de Fingoy (1961)

Poemairos **existencialistas** con inclusión de referencias clásicas e míticas.

Pretérito imperfecto (1980) e Futuro condicional (1982).

Celso Emilio Ferreiro (1914 Celanova – 1979 Barcelona)



LEÓN

CORUÑA

Fuente de los datos: CNIG/2016

© www.mapasdeespana.com

 Ciudad capital
 Límite de municipio
 Límite de provincia
 Límite nacional

PORTUGAL

ZAMORA



Celso Emilio Ferreiro

POESÍA SOCIAL (características)

Introdución de rexistros da **fala cotiá**, cunha finalidade humorística e sarcástica.

Aquil señor burgués condecorado,
usía ou excelencia ben cebado,
que ronca con pracer na noite longa
e ten muller feliz, de **teta** oblonga,
con dous fillos petisos, deportistas,
un poco **libertinos** e “**juerguistas**”,
idiotas pola nai, polo pai, grosos;
pondo dentes de can que venta os osos,
ponse a rosmar e morde.

Celso Emilio Ferreiro

POESÍA SOCIAL (características)

Incorpora a **xerga gremial** dos canteiros (a verba dos arxinas) nalgún texto.

os quintos i os **alcamotes**

(ciceis e martelos)

cantan, crean, constrúen, doman a pedra,
levantan as cidades e as **caicoas**

(igrexas)

as arias **xidas**, as **xarnas** e as **xarelas**

(perpiaños, muros e paredes mestras)

Celso Emilio Ferreiro

POESÍA SOCIAL (características)

Incorporación de **linguaxes** específicas como a **administrativa** e **burocrática**, comercial, política, militar case sempre en contextos **sarcásticos**:

Fuco Pérez sin segundo,
veciño de Gargamala,
viúdo, maior de idade,
propietario dunha cabra
e dun terrón que produce
cinco ducias de patacas.

(...)

Tes o día, tes a noite,
tes os paxaros da ialba,
tes as estrelas do ceo,
tes as rúas i as estradas

(...)

Fuco Pérez sin segundo,
¿qué che falta?

Celso Emilio Ferreiro


POESÍA SOCIAL (características)

Utilización do **fonosimbolismo** e as **onomatopeas**, creando unha linguaxe que lembra á do cómic.


Vin pasar ringleiras silenciosas
de mozos feitos homes de repente.

Chap, chap, chapoteaban
as súas botas sobre a lama.


Sarcástico e irónico (“usa distorsión lingüística”) para criticar aspectos sociais.



Viaxe ao pais dos ananos (1968)



Cantigas de escarnio e maldecir (1968).



Antipoemas (1972)



O teito é de pedra.
De pedra son os muros
i as tebras.
De pedra o chan
i as reixas.
As portas,
as cadeas,
o aire,
as fenestras,
as olladas,
son de pedra.
Os corazós dos homes
que ao lonxe espreitan,
feitos están
tamén
de pedra.
I eu, morrendo
nesta longa noite
de pedra.

Celso Emilio Ferreiro
(Longa noite de pedra, 1962)



Celso Emilio Ferreiro

POESÍA INTIMISTA



Cando quero vivir
digo Moraima.
Digo Moraima
cando semento a espranza.
Digo Moraima
e ponse azul a alba.

Cando quero soñar
digo Moraima.
Digo Moraima
cando a noite é pechada.
Digo Moraima
e ponse a luz en marcha.



Cando quero chorar
digo Moraima.
Digo Moraima
cando a anguria me abafa.
Digo Moraima
e ponse a mar en calma.

Cando quero sorrir
digo Moraima.
Digo Moraima
cando a mañá é crara.
Digo Moraima
e ponse a tarde mansa.

Cando quero morrer
non digo nada.
E mátame o silencio
de non decir Moraima.



Luis Pimentel
(Lugo, 1895 – Lugo 1958)

Obra poética en galego: *Sombra do aire na herba* (1958) con temática intimista.

Características:

- Influencia da vangarda
- Imaxes oníricas – próximas ao surrealismo
- Omnipresenza do medo e do misterio
- Simbolismo modernista
- Mundo da infancia
- Metapoesía
- Provincilismo

Influencia das vangardas

Ausencia de rima

Emprego do humor

Referencias á arte cinematográfica, ao jazz

Imaxes surrealistas


*de sutaque sorprendín á mañá
entrando na vila,
cantando da mao da fina chuvia*

Imaxes oníricas

(surrealismo por romperen coa relación lóxica entre elas)


*Nos currunchos acendéronse os altares do silencio;
Choiva de frores de estameña nos tristes pesadelos.*

Omnipresenza do **medo** e do misterio.



***Tebras ao axexo
Pola rúa suben
As casas en muletas
Navallas de lúa
na acera.
Unha sola ventá,
Marela de insomnio.***

A poesía galega durante o franquismo



Promoción de enlace

- Nacen entre 1920 e 1930
- Foron no seu comezo autores/as bilingües
- Dúas temáticas

Promoción de enlace

Poesía existencial

Poesía intimista

Antón Tovar

Arredores e Non segue:

- a liña **existencialista** (conciencia do eu e da soidade)
- a liña **social** (rebeldía fronte á inxustiza)
- a **intimista** (queixa pola irreversibilidade do tempo que todo volve cinza).



Poesía existencial

Eu son un home triste,
eu son un neno canso
e teño unha voz murcha,
como unha mau de néboa
rubindo cara ao sol;
unha mau a buscar
a Túa mau infinita.
[...]

Entón, Señor, ti fuxes,
i estas maus que son terra
somentes terra apreixan.

A voz lírica expresa
as súa angustia
existencial na
procura dun Deus
que non consegue
ver

Antón Tovar

Luz Pozo Garza

Motivos dos seus poemas:

- a forza vitalista do amor,
- a sensualidade,
- o erotismo,
- o mar, as lembranzas
- a morte.



(1952)

–optimismo e amor ledó



(1976) – pesimismo, morte,
desamor e angustia existencial



Poesía intimista

Naquela cidade
onde unha rapaza escribía un diario secreto
na noite
mentres o soño desvalido semellaba finxir
silencios compartidos
nesa vella cidade do norte
o primeiro poema de amor flutuaba
coma un blues nostálxico na noite.

Só quería saber
por qué as cordas permanecen vibrando coma
labios
e qué queda do diario secreto
na noite desvalida.

Querería saber daquel río esvaído do soño
tal unha despedida sen retorno,
do silencio curvado nunha praza deserta e
antiga.

¿Onde vai o primeiro poema de amor

a materia sonora dun blues fuxidío
a inocencia primeira?

Evócase a adolescencia; a saudade, a nostalxia dun tempo ido

A poesía galega durante o franquismo

A Xeración
de 1936

A Promoción de
Enlace

A Xeración
das Festas
Minervais



X. das Festas Minerveais

- Nacen entre 1930 e 1940

-Déronse a coñecer a través dos
certames homónimos creados en

Compostela nos 50

-Variedade temática

1º Etapa: A Escola da Tebra (anos 50)

Poesía existencial

Características:

Dor existencial

Intimismo angustiado, pois a voz lírica preséntase en conflito co mundo

2º Etapa: (anos 60)

Poesía social, inspirada por *Longa noite de pedra*

Características:

Denuncia social sobre a opresión e a guerra

**¿Por que sempre quedo ancorado
na choiva silenciosa de Sant-lago
esperando eternamente un anxo mouro
que volve o meu soño neve ou pedra?**

**Unha arela imprecisa que é saudade
encerra o meu silencio enverdecido
de lonxanías brancas ou salaios.**

(A alma revoa polo vento atormentada). [...]

Manuel María, *Advento*

Visión atormentada
da existencia

**Poesía
existencialista**

Bando

Prohíbese, por orde da Alcaldía,
que medren porque sí
as rosas do xardín municipal.

Dende agora as pombas teñen
que pedir licencia pra voar.
Están fora da Lei
a Primavera,
as flores e os carballos,
as estrelas, os peixes e os paxaros.

Dase este bando en tal e quale
pra que se cumpra de orde do Alcalde.
Firmado e rubricado.

Manuel María, *Documentos persoais*

Denuncia da situación que vive
Galicia, presentada con humor e
retranca

Poesía social

Fuco Pérez sin segundo,
veciño de Gargamala,
viúdo, maior de idade,
propietario dunha cabra
e dun terrón que produce
cinco ducias de patacas.

(...)

Tes o día, tes a noite,
tes os paxaros da ialba,
tes as estrelas do ceo,
tes as rúas i as estradas

(...)

Fuco Pérez sin segundo,
¿qué che falta?

Celso Emilio Ferreiro

Bando
Prohíbese, por orde da Alcaldía,
que medren porque sí
as rosas do xardín municipal.
Dende agora as pombas teñen
que pedir licencia pra voar.


Están fora da Lei
a Primavera,
as flores e os carballos,
as estrelas, os peixes e os paxaros.
Dase este bando en tal e cuale
pra que se cumpra de orde do Alcalde.
Firmado e rubricado.

Manuel María, Documentos persoais

A Xeración das Festas Minervais

POESÍA
EXISTENCIALISTA

Poesía social



Muiñeira de brétemas e Advento

- Escola de Tebra
- Predominio da visión atormentada da existencia.

Documentos persoas


- Poesía social, denuncia a situación que se vive en Galiza (con humor e retranca)

Terra Chá

- Poesía paisaxística

A primavera de Venus

- Poesía intimista



Manuel María

Lugo, 1929–A Coruña, 2004

“Bando”

Prohíbese, por orde da Alcaldía,
que medren porque sí
as rosas do xardín municipal.

Dende agora as pombas teñen
que pedir licencia pra voar.
Están fora da Lei
a Primavera,
as flores e os carballos,
as estrelas, os peixes e os paxaros.

Dase este bando en tal e cuale
pra que se cumpra de orde do Alcalde.
Firmado e rubricado.

¿Por que sempre quedo ancorado
na choiva silenciosa de Sant-lago
esperando eternamente un anxo mouro
que volve o meu soño neve ou pedra?

Unha arela imprecisa que é saudade
encerra o meu silencio enverdecido
de lonxanías brancas ou salaios.

Manuel María, *Advento*


Manuel María, *Documentos persoais*

Os Eidos

Poesía paisaxística centrada no montaña do Courel (Lugo) ao estilo de Noriega Varela e ton existencialista



COUREL dos tesos cumes que ollan de lonxe!
Eiquí síntese o pouco que é un home...



Uxío Novoneyra

O Courel, 1930–Compostela, 1999

Muller de lonxe

Poesía amorosa

Poemas caligráficos


Poesía social

A súa expresión adoita:

Ser **breve**

Con frecuentes **enumeracións**.

Importancia dos elementos **visuais** (disposición dos versos ou elementos gráficos) e **fónicos** (onomatopeas e fonosimbolismo).



Uxío Novoneyra

O Courel, 1930–Compostela, 1999

Cousos do lobo!
Caborcos do xabarín!
Eidos solos
onde ninguén foi nin ha d'ir!
O lobo! Os ollos o lombo do lobo!
Baixa o lobo polo ollo do bosco
movendo nas flairas dos teixos
ruxindo na folla dos carreiros
en busca de vagoada máis sola e máis medosa...
Rastrexas
parase e ventas
finca a pouta ergue a testa e oula
ca noite na boca...

Uxío Novoneyra, *Os eidos*

Neste poema de *Os eidos* vemos a aliteración do /o/, fonema pechado que simboliza o ouleo do lobo e ao mesmo tempo os seus ollos, evocando a sensación de medo que pode producir a presenza do animal. Destaca a soidade do bosque e da natureza e a intuición da proximidade do lobo.

Xohana Torres

Compostel, 1929 – Vigo, 2017

Do sulco (1957)

Angustia e soidade

Estacións ao mar (1980)

Preocupación por Galiza, paso do tempo e memoria

Primeiro foi o mar, despois a pedra.

*¿Qué quedará de nós?... Unha espuma levísima,
fado de Amalia para unha travesía.*

¿Qué loita de navíos?

¿Onde o naufragio daque Nau Petra?



Arcadio Lopez Casanova

Sonetos de esperanza presentida e Palabras de honor

Recuperación da infancia ou inocencia perdida. Liña intimista da Escola de Tebra

Menesteres

Xunto con *Con polvora e magnolias* marcan unha inflexión dentro da literatura galega.

Innovacións:

- Afástase das temáticas do socialrealismo para tratar temas heteroxéneos (metaliterarios, o exilio, a dor de existir, a morte, a presenza da muller, a súa infancia labrega...)
- un libro heteroxéneo, tanto emprega estrofas clásicas, principalmente o soneto, como o versolibrismo.

Cantar sen patria, lonxe na *rodela
da Noite, sen ninguén que escoite,* anada
do pranto. Lonxe. Lonxe. ¡A da i, vagoada
do corazón: que sólo se rebela!

*Rodela: xogo infantil que consiste en mandar unha roda o máis lonxe posible.

* Anada: recolleita do froito ao final do ano.

Trata o exilio, a dor pola distancia da patria, asociado aos símbolos como a noite, o pranto, á recorrencia (lonxe, lonxe) e á exclamación de lamento (¡Ai, vagoada do corazón). As imaxes rodela da noite (noite monótona e interminabale), anada do pranto (só hai pranto na soidade da noite, ningún outro froito ou doce na vida), vagoada do corazón (a parte máis sentida e fonda do corazón) manifestan unha clara renovación nas imaxes literarias que superan a poesía das xeracións anteriores.

Voce na néboa (1957)

Liña da Escola da Tebra

Antoloxía popular (1972)

Heterónimo Heriberto Bens, Galiza
protagonista histórica e política

Con pólvora e magnolias (1976)

Caracterizado por:

- Culturalismo
- Ton épico
- Simbolismos complexos
- Nostalxia do pasado
- Preocupacións esenciais como o tempo, o amor e a morte
- Compromiso social



**Xosé Luis
Mendez Ferrín**

Ourense 1938

“Reclamo a liberdade pró meu pobo”

No vento de mazán que se desfraga
nos cons e pedregullo solar
reclamo a liberdade pró meu pobo.

No meniño que dorme
no edredón dos teus ollos
reclamo a liberdade pró meu pobo.

Nas vellas mans agrarias,
nas loias amorosas dos estíos
reclamo a liberdade pró meu pobo.

Nos bicos acedísimos e tenros
dos meus fillos inmensos
reclamo a liberdade pró meu pobo.

Nos sangues artesáns que teño ardendo
en cada dedo meu,
nos finos labradores que aparecena agora no papel
levando chapeos pardos, panos de sede e zocas remontadas
reclamo a liberdade pró meu pobo.

Nos crepúsculos de anís
nos que se erixe a familia naval de Manuel Antonio
e pon, de arca e couso, pequeniños
lumes azuis e brancos de San Telmo
reclamo a liberdade pró meu pobo.

1. Análise do poema “No tempo aquí”, de Celso Emilio Ferreiro

Contextualiza este texto no período literario correspondente. Explica, baseándote no poema, tres características de *Longa Noite de Pedra* e indica a liña temática deste poemario. Sinala os trazos da xeración á que pertence Celso Emilio, o nome de dous autores da súa mesma xeración e unha obra de cada un deles.

- Actividade cultural trasládase ao exilio por mor da Guerra Civil
- 1947 *Cómaros Verdes*, Aquilio Iglesia Alvariño
- Editorial Galaxia, clave para a recuperación literaria.
- Confluencia de tres xeracións de poetas.

- Poesía social
- Tres trazos presentes no poema

- Características da Xeración do 36
- 2 autores desta xeración e unha obra de cada un deles

2. Análise “Por que quedo ancorado...”, de Manuel María

Contextualiza este texto no período literario correspondente. Baseándote no poema, explica o motivo polo que a obra na que se insire esta composición se inclúe dentro da Escola da Tebra e sinala outras liñas temáticas cultivadas por Manuel María. Indica as características da xeración ás que pertence este autor, o nome doutros poetas da mesma xeración e unha obra de cada un deles.

3. Análise “reclamo liberdade pra meu pobo...”, de Ferrín

Contextualiza este texto no período literario correspondente. Baseándote no poema, explica o motivo polo que a obra supuxo unha renovación da literatura galega. Indica tres autores da mesma xeración e unha obra de cada un deles.